



SONS

PARA UN
REGRESO

2022

6 E 7 DE
XANEIRO

19.00 H

TEATRO COLÓN



Deputación
DA CORUÑA

SONS

PARA UN
REGRESO

Organiza

Deputación da Coruña
Área de Cultura

Dirección artística e coordinación

Belén Bermejo López

Documentación

Andrés Díaz Pazos

Asesoramento lingüístico

Carlos Penela Martín

Deseño e Maquetación

Cátia Leite / Sirgo Torcendo

Comunicación

Aqueladas S. Coop.

Producción técnica

Goyplasón, SL

Apoio á produción

MADA producións

SONS

PARA UN REGRESO

Gala-encontro musical con antigas bolseiras dos estudos artísticos da Deputación da Coruña

Presenta: Anxo Quintela

6 DE XANEIRO 2022

19.00 h

ROSALÍA GÓMEZ LASHERAS

Piano

Bolseira da Deputación da Coruña en 2012, 2015 e 2016

PATRICIA CADAVEIRA

Saxofón

MARÉS SONORAS

Bolseira da Deputación da Coruña en 2012 e 2013

7 DE XANEIRO 2022

19.00 h

ANA YÁÑEZ

Guitarra

TRES TRASTES, trío de guitarras

Bolseira da Deputación da Coruña en 2007

Alma Sarasola

Trompa

QUINTETO INVENTO, quinteto de ventos

Bolseira da Deputación da Coruña en 2011

Sons para un regreso vístese co traxe do reencontro, da volta á casa, da celebración de traxectorias que comezaron da man da Deputación da Coruña e foron collendo impulso mesmo cara a fóra das fronteiras do noso país. Nesta primeira edición, catro intérpretes que están a desenvolver con éxito as súas carreiras musicais, reúnense no Teatro Colón para facernos partícipes do seu talento, dos seus proxectos e da evolución do seu traballo.

Sons para un regreso parte da filosofía de amosar e compartir os froitos da aposta polo desenvolvemento do talento de músicas e músicos que, no comezo das súas andainas profesionais, obtiveron unha Bolsa de Perfeccionamento de Estudos Artísticos da institución provincial. *Sons para un regreso* é, pois, unha oportunidade: a de poñerlle rostro, nome e apelidos a persoas que un día soñaron con desenvolver unha carreira musical e que a día de hoxe forman parte de proxectos musicais moi diversos. Gozar da súa música en directo, nun espazo como o Teatro Colón, é tamén unha sorte de agasallo co que nos recompensan as catro participantes nesta primeira edición: Rosalía Gómez Lasheras, Patricia Cadaveira, Alma Sarasola Pontón e Ana Yáñez Ríos.

Xurxo Couto

Deputado de Cultura da Deputación da Coruña

Arredor de século e medio leva a Deputación da Coruña desenvolvendo un importante esforzo pola formación artística e fomento do talento emerxente da provincia. Foi en 1883 cando o pintor Modesto Brocos obtivo, para estudar en Roma, a primeira pensión outorgada pola institución para estudos artísticos, apoio que axiña se estendería tamén aos estudos musicais. Grazas a estas axudas, un aínda descoñecido neno de once anos, de nome Andrés Gaos Berea, iría a Madrid para cursar estudos de violín no Conservatorio Nacional e, posteriormente, a Bruxelas para tomar clases con Eugène Ysaÿe, un dos mais grandes violinistas de todos os tempos. Nomes como o da violinista María Chaves González, o tamén violinista Eugenio Fernández Granell ou a pianista Mercedes Goicoa, forman parte da nómina de artistas aos que a Deputación Provincial apoiou nos seus comezos, lista que non faría máis que engrosar ata chegar aos nosos días, con artistas que continúan a beneficiarse das bolsas de perfeccionamento de estudos artísticos. Grazas a elas un bo número de músicas e músicos puideron acadar un nivel de formación que lles permitiu desenvolver con éxito a súa carreira en moi diferentes ámbitos e especialidades, tanto na Galiza como no resto de Europa.

Talento, traballo, formación, experiencia, contactos e intercambio con outras culturas musicais son os elementos que catalizan o éxito dunha persoa que quere vivir da música. E, nese sentido, a Deputación da Coruña vén desenvolvendo con continuidade un traballo exemplar na aposta polo talento musical. Mais este talento, as máis das veces, fica lonxe dun recoñecemento social, non tanto polo éxito individual dos e das bolseiras, senón porque

os seus logros fican no anonimato e desconectados do ámbito territorial e da institución que lles proporcionaron un apoio esencial. E, precisamente, ese é o pretexto co que emprendemos un decidido, ao tempo que emotivo proxecto, coa intención de dar visibilidade ao traballo destas persoas, pero tamén ao esforzo da institución que acreditou nelas no seu día, nese esforzo por acadar a madurez artística que lles faría posicionarse no difícil e competitivo mundo da escena musical. *Sons para un regreso* celebra ese reencontro con catro profesionais da música, que fixeron parte, nas últimas décadas, do programa de Bolsas de Perfeccionamento de Estudos Artísticos da Deputación da Coruña. Trátase dunha experiencia pioneira, na que se darán cita catro formacións lideradas por catro artistas que foron bolseiras da institución nas últimas décadas: a pianista Rosalía Gómez Lasheras, a saxofonista Patricia Cadaveira, a trompa Alma Sarasola e a guitarrista Ana Yáñez. As catro artistas presentan sobre o escenario do Teatro Colón cadanseu proxecto artístico, ben como solistas, ben como membros de formacións de cámara, e serán entrevistadas por un dos grandes nomes do xornalismo cultural galego, Anxo Quintela, nunha conversa distendida, co ánimo de achegar os públicos ás artistas e ás súas traxectorias e vivencias persoais e profesionais. Agardamos que este reencontro axude a estreitar lazos que reforcen o labor de mecenado da institución provincial e o traballo das xeracións vindeiras de artistas do noso país.

Belén Bermejo Lopéz

Directora artística de *Sons para un regreso*

ROSALÍA GÓMEZ LASHERAS

Piano

Bolseira da Deputación da Coruña nos anos 2012, 2015 e 2016

Nada en 1994, Rosalía comeza a súa formación pianística aos 5 anos con María José Cerviño e Alexander Gold. Posteriormente, estuda con Alan Weiss no Utrecht Conservatory e con Claudio Martínez Mehner na Hochschule für Musik Basel. O seu interese polos teclados históricos xorde en Holanda, onde recibe clases de clave de Siebe Henstra, e continúa na Schola Cantorum Basiliensis, onde estuda fortepiano con Edoardo Torbianelli e clave con Jörg Andreas Bötticher. Entre as súas principais influencias atópanse, ademais, Anton Kernjak, Kennedy Moretti, Amandine Beyer, Clive Brown, Sergio Azzolini, Rita Wagner e Ferenc Rados.

Tras gañar o Concurso Young Pianist Foundation de Amsterdam (2013), debuta como solista en salas como o Concertgebouw de Amsterdam, Tivoli Vredenburg de Utrecht, Palau de la Música Catalana, Cairo Opera House, Konzerthaus de Dortmund e a Herkulessaal

de Múnic, entre outros escenarios de Europa, Estados Unidos e Oriente Medio. Actúa habitualmente con orquestras como a Noord Nederlands Orkest, Real Filharmonía de Galicia, Sinfónica de Galicia, Nederlands Jonge Orkest, Cairo Symphony Orchestra, Duisburger Philharmoniker, Folkwang Kammerorchester Essen e Basel Symphony Orchestra, entre outras.

Colabora regularmente con numerosas formacións camerísticas. O seu dúo co violinista Antonio Viñuales foi galardoado no BOG Duo Competition e o Orpheus Chamber Music Competition. Actúa como convidada en festivais como o Delft Chamber Music Festival, Storioni Festival, Shiermonnikoog Chamber Music Festival, Clásicos de Verano, Beflügelt Festival, Musikdorf Ernen, Swiss Chamber Music Festival ou o Wissembourg Chamber Music Festival, entre outros.

Rosalía conta cunha ampla experiencia no

ámbito da interpretación historicamente informada. Está vinculada aos centros de pianos históricos Fondation Royaumont e La Nouvelle Athènes e participou en ciclos de música antiga como o Utrecht Early Music Festival *Fringe*, Espazos Sonoros, Musica Antica da Camera, Jagthuis Fortepiano Weekend ou o Festival Radovljica, entre outros. Leva impartido conferencias sobre as prácticas interpretativas do século XIX en varias universidades europeas. En 2021 obtén o Máster de Investigación Musical da Valencia International University cun traballo sobre o *rubato* na música para piano de Schubert.

A súa fascinación pola evolución da estética musical levouna a experimentar cun amplo abano de instrumentos: desde teclados antigos ata electrónicos. Actúa con frecuencia en festivais de música contemporánea e estreou

obras de compositores como A. Frank, E. Schoenberger e G. F. Haas. Traballa tamén en proxectos de fusións con outros estilos musicais, entre os que destaca o seu proxecto *Celtic Beethoven*, con Carlos Núñez, e proxectos interdisciplinarios como *Clorindae*, unha performance de música e danza sobre a loita da muller na sociedade actual.

En 2015, o xornal *El Correo Gallego* outórgalle o título *Gallega del Año* pola “súa destacada traxectoria e sobresaínte madurez artística”. Ao longo da súa carreira recibiu o apoio de institucións como a Deputación da Coruña, Juventudes Musicales de España, DOMS Stiftung ou a Mozart Gesellschaft Dortmund. En 2020-21 foi profesora convidada de interpretación historicamente informada na Hochschule für Musik FRANZ LISZT de Weimar.

PROGRAMA

Chacona da Suite No. 3 en la menor

Jacquet de La Guerre,
Élisabeth (1665-1729)

Variacións sobre un tema de Robert Schumann, Op. 20

Schumann, Clara (1819-1896)

Tema e Variacións en do menor

Boulanger, Lili (1893-1918)

Chacona para piano solo

Gubaidulina, Sofia (1931)



Notas ao programa

A variación, unha técnica compositiva consistente na repetición alterada dun material orixinal mediante modificacións melódicas, rítmicas, harmónicas ou texturais, deu lugar a diferentes formas musicais ao longo da Historia da Música, entres as que destacan a chacona e o tema con variacións. As dúas chaconas que escoitaremos neste concerto compuxéronse cunha distancia temporal de case tres séculos: a *Chacona en la menor* de Jacquet de La Guerre, unha das danzas da súa *Suite No. 3*, de 1687, e a *Chacona para piano solo*, de Sofía Gubaidulina, publicada en 1962 como unha obra independente.

Por outra banda, poderemos apreciar dous exemplos contrastantes de tema con variacións con influencia romántica: as variacións da compositora alemana Clara Schumann,

baseadas nun tema do seu home, Robert Schumann, e as da francesa Lili Boulanger, escritas nos albores do século XX, sobre un tema orixinal.

O programa inspírase, polo demais, nesta técnica compositiva para explorar diferentes perspectivas do concepto de variación. Por unha banda, as obras seleccionadas percorren cronoloxicamente a evolución dunha mesma forma musical ao longo de diferentes períodos histórico-estéticos: desde o Barroco ata o contemporáneo. Por outra, a música composta por mulleres convidanos a reflexionar sobre a necesidade de variar e diversificar unha narrativa historiográfica que, durante anos, presentou un canon musical sesgado.

Rosalía Gómez Lasheras

PATRICIA CADAVEIRA E MARÉS SONORAS

Patricia Cadaveira, saxofón

Bolseira da Deputación da Coruña nos anos 2012 e 2013

Tras comezar a súa formación no Conservatorio de Música da Coruña, licénciase co grao superior de Música en 2011 no Conservatorio superior de Aragón. En 2012 e 2013 foi recoñecida pola Deputación da Coruña con dúas bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos, realizando un mestrado en interpretación musical, na Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) do Porto (Portugal), no ámbito da investigación dos elementos escenográficos e visuais relacionados co repertorio contemporáneo de saxofón. A súa experiencia vital en Portugal complementábase a nivel docente, ao traballar como profesora de saxofón varios anos no Conservatorio de Música de Aveiro “Calouste Gulbenkian”, ao tempo que desenvolve os seus propios proxectos musicais.

Como solista ou con diversas agrupacións realizou numerosos concertos e recitais ao longo da xeografía española, Europa e Nova York. En 2013 funda con Manuel Alcaraz o dúo *In_keys*, dedicado á estrea e difusión de música contemporánea para saxofón e percusión, cunha xira de concertos respaldada

por “Juventudes Musicales”. En abril de 2017, inicia o proxecto *Lago*, fusión de música e teatro, premiado na Maratón de Microteatro de Terrasa (Barcelona). Xunto ao vibrafonista Marcel Pascual, inicia en 2016 o proxecto *Marés Sonoras*, vinculado á música ibérica e á fusión de jazz, música clásica e tradicional da Península, co que traballa activamente e co que vén de editar o seu primeiro disco.

No ámbito da creación musical, en 2019 participa como co-compositora e intérprete, xunto a Olivier Milton, da música da película documental *A Media Voz*, das directoras Heidi Hassan e Patricia Pérez, premiada mellor documental no IDFA Amsterdam e no Festival de La Habana. Recentemente estreouse a película *¿Qué hicimos mal?* (2021), da directora Liliana Torres, na que participa como co-compositora.

Actualmente combina a docencia como profesora de saxofón no Conservatorio de Música de Vigo coa realización de proxectos artísticos no ámbito da interpretación e da creación musical.



PATRICIA CADAVEIRA

Marés Sonoras

Cando a saxofonista galega Patricia Cadaveira, procedente do mundo da música clásica e contemporánea e o percusionista catalán, Marcel Pascual, especializado no vibráfono e no mundo do jazz, se coñecen no Porto (Portugal), as suas orixes mestúranse ao tempo coas suas vivencias musicais. Froito deste encontro nace este proxecto a través do que se exploran múltiples conexións ibéricas. Canda colaboradores do talle dos percusionistas Miguel Cabana e Carlos Ronda, o contrabaixista Pablo Pérez Sanmamed e, máis recentemente, a cantante coruñesa Paula Rey, este proxecto vén ofrecendo, desde a

súa creación, en 2016, diferentes concertos en diferentes espazos da Península, como Porto, Aveiro (Portugal), Cataluña, Valencia ou Galicia, destacando a súa participación no Festival Música als Parcs de Barcelona, o Festival Espazos Sonoros en Galicia ou diferentes concellos galegos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña. En 2019 deciden dar un impulso á súa carreira coa publicación do seu primeiro disco *Sueños Ibéricos*, editado pola discográfica Temps Record, que conta como convidada especial coa cantante asturiana Marisa Valle Roso.

PROGRAMA

<i>Oriental</i>	Enrique Granados (1867-1916)
<i>Capricho Catalán</i>	Isaac Albéniz (1860-1909)
<i>Certeza</i>	João Paulo Esteves da Silva (1961)
<i>Nana</i>	Manuel de Falla (1876-1946)
<i>Pasacalle</i>	Luigi Boccherini (1743-1805)
<i>Homenaje a Lorca: Los Cuatro Muleros</i>	Joan Albert Amargós (1950)
<i>Habanera</i>	Juan Durán (1960)
<i>Gumersindo e Erundina</i>	Patricia Cadaveira (1984)

Intérpretes:

Patricia Cadaveira, *saxofóns soprano e alto*

Marcel Pascual Royo, *vibráfono*

Pablo Perez Sanmamed, *contrabaixo*

Miguel Cabana, *percusións*



Notas ao programa

O programa que Marés Sonoras interpretará esta noite é a esencia do proxecto discográfico *Soños Ibéricos*, un percorrido musical da man da ensoñación e a imaxinación, onde todo é posible. A proposta musical constitúe unha evocación emocional baseada na conexión das sonoridades da Península ibérica, froito da adaptación tímbrica, os arranxos propios e a liberdade na improvisación.

Comezamos a nosa viaxe con dous compositores representativos da música española do fin de século XIX e inicios do XX: Granados con *Oriental* e Albéniz co seu *Capricho Catalán*, ámbalas dúas obras escritas orixinalmente para piano, pero adaptadas á nosa formación. Continuamos cunha composición jazzística máis actual, *Certeza*, do portugués João Paulo Esteves da Silva, unha peza enérxica e con reminiscencias folclóricas.

A célebre *Nana*, de Manuel de Falla, recollida nas *Sete cancións populares españolas*, transfórmase nun arranxo libre e evocador de aire andalusí. Seguidamente, o compositor clásico Boccherini, nado en Italia pero residente en España, convidanos a pasear e danzar polas rúas de Madrid co seu *Pasacalle*.

Revisamos ademais dúas composicións contemporáneas inspiradas na música popular e orixinais para saxofón e piano: *Los Cuatro Muleros*, de Joan Albert Amargós, da súa *Homenatge a Lorca*, e a *Habanera* do compositor galego Juan Durán. Concluímos o percorrido en Galicia con *Gumersindo* e *Erundina*, unha composición orixinal en homenaxe aos avós como figuras representativas da transmisión oral da música e do amor pola mesma.

Marés Sonoras

ANA YÁÑEZ RÍOS E TRES TRASTES

Ana Yáñez Ríos, guitarra

Bolseira da Deputación da Coruña en 2007

Nada en Cariño, en 1983, comeza a tocar a guitarra á idade de 6 anos da man de M^a Luisa Novo. Inicia os seus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, con Antonio Álvarez, e continúa, posteriormente, na Coruña con Antonio Rocha, onde remata o grao superior en 2006 co profesor Eulogio Albalat, coa cualificación de matrícula de honra.

No ano 2007, a Deputación da Coruña concédelle una bolsa para o perfeccionamento de estudos artísticos, coa que realizará un posgrao de guitarra na prestixiosa ESMUC, en Barcelona, co guitarrista Àlex Garrobé, durante dous anos. Nese mesmo ano, gaña o 3º premio de interpretación musical de Caixanova. Realiza numerosos cursos e masterclasses con recoñecidos guitarristas como Marco Socias, Ricardo Gallén, Margarita Escarpa, Zoran Dukic, Joaquín Clerch ou David Russell.

Na actualidade, forma parte de diferentes agrupacións camerísticas e é profesora de guitarra no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol.



ANA YÁÑEZ RÍOS

Tres Trastes, trío de guitarras

Formado por Ana Yáñez, Eloy Vázquez e Mateo Arnáiz, Tres Trastes é un trío de guitarras que fixo a presentación no ano 2018 no Auditorio de Cariño e que ten a súa orixe no Ensamble Galaicum creado en 2013, conxunto que chegou a contar cun total de dezaseis guitarristas, coa intención de experimentar e dar a coñecer orixinais repertorios para guitarra a partir de transcricións de obras para

este tipo de ensemble. Coa idea de continuar a investigar neste ámbito da música de cámara para guitarra, estes tres experimentados músicos fundan o trío Tres Trastes. A formación de trío, non tan explorada polos autores clásicos como a de dúo ou cuarteto, ofrece un gran número de interesantes posibilidades expresivas que o conxunto Tres Trastes pretende reflectir nos seus programas.

PROGRAMA

<i>Vier Miniaturen</i> Präludium Serenade Ballet Burleske	Eberhard Werdin (1911-1991)
<i>Four Moods</i>	Stepan Rak (1945)
<i>Samba d'ouro</i>	Jorge Cardoso (1949)
<i>Entre hinojos, ortigas y cardos</i>	Jorge Cardoso
<i>Gotán</i>	Jorge Cardoso
<i>El Puerto</i>	Isaac Albéniz (1860-1909) (Arr. Eloy Vázquez)
<i>Fin de siglo</i>	Máximo D. Pujol (1957)

Intérpretes:

Ana Yáñez, *guitarra*

Eloy Vázquez, *guitarra*

Mateo Arnáiz, *guitarra*



TRES TRASTES

Notas ao programa

O programa que presenta o trío de guitarras Tres Trastes afonda na busca das diferentes posibilidades expresivas desta pouco usual formación camerística.

A primeira obra, *Vier Miniaturen*, do compositor alemán Eberhard Werdin, representa un exemplo claro dunha dobre vertente do repertorio. Por unha banda, trátase dunha obra que mostra o interese pedagóxico do autor a través dunha harmonía sinxela e de estruturas rítmicas facilmente recoñecibles, tras a que se oculta unha complexidade máis profunda e un gran dominio da técnica compositiva.

Four Moods, de Štěpán Rak, compositor checo nado na Ucraína, é unha obra cunha elaboración harmónica máis complexa que a anterior, coa que o autor trata de describir catro estados diferentes de ánimo.

As obras *Samba d'ouro* e *Entre hinojos ortigas y cardos* e *Gotán*, do compositor arxentino Jorge Cardoso, mostran a evidente influencia que o folclore tivo e ten nos repertorios para guitarra.

El Puerto, obra pertencente á suite *Iberia* de Isaac Albéniz, representa unha das fontes máis importantes das que se nutre historicamente o repertorio do instrumento, as transcricións, sendo ademais unha das obras máis representativas do repertorio español.

O concerto rematará coa obra *Fin de Siglo*, de Máximo Diego Pujol, dedicada ao Trío de Guitarras de Buenos Aires, que conxuga á perfección todos os anteriores aspectos nunha obra dinámica, que centra no ritmo o seu principal atractivo.

Mateo Arnáiz

ALMA SARASOLA PONTÓN E QUINTETO INVENTO

Alma Sarasola Pontón, trompa

Bolseira da Deputación da Coruña en 2011

Comezou a estudar trompa con Juan Bernat no Conservatorio Profesional da Coruña. En 2011 continúa a súa formación en Barcelona na Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC) grazas á Bolsa de perfeccionamento de estudos artísticos da Deputación da Coruña. Aquí combinou os seus estudos de trompa moderna con Jose Vicente Castelló coa aprendizaxe da trompa natural con Javier Bonet, ademais de ter a oportunidade de tocar en grupos de música antiga da man de Lorenzo Coppola. Gran parte da súa formación débese tamén á Orquestra Xoven da OSG, á Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela e á Joven Orquestra Nacional de España (JONDE), que lle deron a posibilidade de traballar con mestres do talle de Jordi Ortega, David Bushnell e Mike Garza. Colaborou con diferentes orquestras

profesionais como a Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla e León, Real Filharmonía de Galicia e Orchestre de Cannes.

O seu interese pola docencia comezou en 2013 na Escola de Música de Narón. Posteriormente, a través da JONDE, tivo a oportunidade de entrar en contacto co sistema de educación musical de Montevideo, ademais de participar en concertos e impartir clases na Orquestra Juvenil del Sodre. Foi tamén educadora, durante varios anos, no Proxecto Social Abanca Resuena, en A Coruña. Actualmente, é profesora de trompa no Conservatorio Profesional de Música de Carballo e membro fundador do cuarteto de trompas CatroCores e do quinteto de vento InVento, cos que desfruta da súa paixón pola música de cámara.



ALMA SARASOLA PONTÓN

Quinteto InVento, quinteto de vento

Este grupo camerístico xorde logo dunha longa amizade entre os seus integrantes, músicos profesionais que culminaron os seus estudos en prestixiosas escolas europeas, compartindo tamén experiencias en centros de formación e agrupacións como a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, a Orquestra Xoven da OSG ou a Orquesta Gaos.

Fundado en 2013, o quinteto vén actuando ao longo da xeografía galega e do resto da Península, en escenarios como o Pazo da Ópera da Coruña, o Auditorio de Galicia, Teatro Principal de Pontevedra, Liceo de Ourense, Catedral de Tui, Museo de Arte Contemporánea da Coruña, Paraninfo da UDC, Hostal dos Reis Católicos ou o Parlamento de Galicia. Participou tamén no Festival Bal y Gay e na 38ª Semana Internacional de Música de Cámara de Montserrat. En 2014 foron seleccionados como finalistas do Concurso Miraben i Migrans,

actuando no Pazo Mirabent de Sitges e en 2016 foron elixidos para actuar no Museo de América de Madrid, dentro do ciclo MusaE.

O repertorio do grupo está centrado, tanto nos repertorios propios deste tipo de formación, como na música contemporánea, ao que se suman outro tipo de proxectos propios e de corte didáctico. O seu interese pola música contemporánea lévaos a estrear, en 2016, diferentes obras de membros da Asociación Galega de Compositores e, en 2018, estrearon o *Concerto para Quinteto de Vento e Orquestra*, unha obra dedicada ao quinteto InVento, coa que realizaron concertos en A Coruña e Santiago de Compostela xunto á Orquesta Gaos. No 2019 participan no primeiro concerto “clásico” na emblemática sala de rock Mardi Grass en A Coruña dentro do Festival Elas Son Artistas.

PROGRAMA

Unha noite no Monte Pelado

M. Mussorgsky (1839-1881)

Quinteto de vento

A. Klughardt (1847-1902)

Allegro non troppo

Allegro vivace

Andante grazioso

Adagio - Allegro molto vivace

Intérpretes:

Patricia González Moreira, *frauta*

Óscar Galán Adega, *fagot*

Adrián Castedo Alonso, *clarinete*

Daniel Souto Neira, *óboe*

Alma Sarasola Pontón, *trompa*



Notas ao programa

Dúas obras contrastantes en estilo, aínda que non moi distantes cronoloxicamente, representantes, por unha banda, do nacionalismo alemán, a do compositor August Klughardt, e por outra, da chamada música descritiva, a do compositor ruso Modest Mussorgsky, integran o programa do Quinteto InVento.

Unha noite no Monte Pelado é un poema sinfónico composto en 1867, estreado en 1886, que narra de forma maxistral un aquellarre. A elaboración da obra foi longa e bastante tortuosa xa que, durante anos, o músico realizou versións e modificacións que nunca chegaron a ver a luz. Tras a morte de Mussorgsky, a partitura foi adquirindo popularidade, sobre todo despois da súa aparición na película *Fantasia* de Walt Disney. O arranxo para quinteto de vento de Joachim Linckelmann representa unha versión reducida para cinco instrumentos na que se mostra claramente unha intención mística arredor do mundo das meigas, que o compositor quixo describir.

O *Quinteto de vento*, Op. 79 de Klughardt, compositor con amplas influencias de au-

tores como Wagner ou Listz, consta de catro movementos onde se explotan os recursos técnicos de cada instrumento cunha destreza admirable. En toda a obra encontramos melodías moi expresivas nas que, xunto á cor dos instrumentos de vento, resaltan o carácter e a suavidade de cada sección. As notas graves do fagot na introdución condúcenos ao *Allegro non troppo* do primeiro movemento, un interludio de voces onde a trompa se impón coa súa potencia e expresividade melódica. O *Allegro vivace* do segundo movemento evoca o *scherzo*, polo seu fulgor e carácter rebuldeiro, trasladando as melodías á frauta e ao óboe. O contraste xorde no terceiro movemento, *Andante gracioso* que, cun compás ternario, presenta unha melodía que desprende calma e fai sentir o fluír dos instrumentos de vento. Para rematar, un *Adagio*, que enlaza co *Allegro molto vivace* do cuarto movemento, que pon de relevo a técnica e virtuosismo dos instrumentistas polas veloces series de escalas que percorren a partitura.

Quinteto InVento

ANXO QUINTELA

Licenciado en Filosofía, Anxo Quintela é profesional da Radio Galega, xornalista e escritor. Traballou como guionista, editor e produtor para Video Voz, a produtora audiovisual de La Voz de Galicia, onde participaría en programas culturais como *Extramuros* ou nos especiais das Letras Galegas dedicados a Ramón Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro e Luís Pimentel. Colaborou tamén no programa semanal *O Noso Agro* e foi redactor especializado no sector agrario para os programas *O Agro e Labranza*. Posteriormente, foi presentador e redactor do *Telexornal Serán*, *O Semanal*, *Telexornal Fin de Semana* e *Galicia Noticias*. Realizou tamén o documental *Recital*, sobre cinco poetas galegos. Alén disto, foi redactor xefe da revista *Agrocultura*, pertenceu ao consello de redacción da revista *Grial* e dirixiu o primeiro periódico dixital de Galicia, *Vieiros*.

Entre a súa obra literaria destacan títulos como *Á sombra dos pavillóns*, premio Esquío 1982, e *O asasino estrábico*, publicado por Xerais, en 1996.

En 2019 foi galardoado co Premio Nacional de Periodismo Cultural outorgado polo Ministerio de Cultura.

Redactor e presentador durante anos do programa Diario Cultural, da Radio Galega, actualmente continúa a desenvolver o seu traballo para o ente público RTVG.



Deputación
DA CORUÑA

